



Pilar Rojo: “O que pasou hoxe reafirma a necesidade de adoptar medidas que garantan a inviolabilidade do Parlamento de Galicia”

- Os feitos rexistrados hoxe “supoñen un grave atentado a unha alta institución do Estado” e “non se respectou o marco constitucional e estatutario que nos temos dado todos”
- A presidenta da Cámara recorda que os deputados e deputadas desta Cámara “teñen dereitos, pero tamén teñen moitos deberes e obrigas que se están vulnerando”

Santiago, 29 de xaneiro de 2013.- Os feitos rexistrados esta mañá no Parlamento de Galicia, onde un grupo de deputados, acompañados por outras persoas, forzaron o acceso á tribuna de público do hemiciclo con persoas que non tiñan autorizado o acceso “supoñen un grave atentado a unha alta institución do Estado”, na medida en que “non se respectou o marco constitucional e estatutario que nos temos dado todos”, afirmou a presidenta da Cámara, Pilar Rojo.

En declaracións aos xornalistas, Pilar Rojo afirmou que “o máis lamentable, o que me provoca máis tristeza, é que, precisamente, fosen deputados e deputadas desta Cámara os que vulneraran e levaron a cabo feitos ilícitos”.

Medidas

A presidenta da Cámara considera que “o que pasou hoxe reafirma a necesidade de adoptar medidas que garantan a inviolabilidade do Parlamento de Galicia”.



Os deputados tamén teñen deberes e obrigas

Insistiu a titular do lexislativo galego en que hoxe non só se vulnerou unha medida adoptada pola Presidencia deste Parlamento, “senón que se atentou moi gravemente contra unha alta institución do Estado” por parte de “deputados e deputadas desta Cámara, que teñen dereitos, pero tamén teñen moitos deberes e obrigas que están vulnerando”.

Pilar Rojo adiantou que convocará unha nova reunión cos portavoces dos grupos parlamentarios.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia